



Ordenanza Fiscal núm. 02,

reguladora das contribucións especiais pola mellora da prestación do
servicio de extinción de incendios



ORDENANZA FISCAL NÚM. 02,

**REGULADORA DAS CONTRIBUCIÓNS ESPECIAIS
POLA MELLORA DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS**

Artigo 1. Natureza e Fundamento.

No ámbito das relacións entre administracións o texto contido no art. 57 de la Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora de las Bases do Réxime Local ó preceptuar ca cooperación económica, técnica e administrativa entre la Administración Local e as Administracións do Estado e das CC.AA., tanto en servizos locais como en asuntos de interese común desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os consorcios ou convenios administrativos que subscriban, serve para fundamentar o Proxecto de Parques Comarcais Contra Incendios e Salvamento como concreción dun convenio de colaboración entre a Xunta e a Deputación Provincial da Coruña, en tanto en canto presupón un compromiso bilateral entre as Administracións implicadas en todo o que afecta á configuración técnica, deseño, infraestrutura, medios e recursos existentes para executa-lo proxecto referido.

Tomando como punto de partida as citadas premisas e considerando cas Entidades Locais na súa calidade de Administracións Públicas de carácter territorial teñen atribuída constitucionalmente autonomía financeira (art. 133 CE) no artigo 4 en conexión cos arts. 106-107 da LRBRL dotan a estas de potestade tributaria e, en igual sentido, os arts. 5 a 7 da LXT e 6 a 9 da Lei de Facendas Locais. Por tal motivo, non existe inconveniente para que as Contribucións Especiais na súa calidade de tributos propios sirvan de canle financeiro para grava-la obtención dun beneficio ou o aumento do valor dos bens do suxeito pasivo como consecuencia da realización de obras públicas ou do establecemento ou ampliación de servizos públicos, de carácter local, coa precisión de que terían, así mesmo, consideración de servizos locais: os que realicen outras entidades públicas ou os concesionarios das mesmas, con achegas económicas das entidades públicas ou concesionarios das mesmas, con achegas económicas da entidade local art. 29 LRFL.

Artigo 2. Feito imponible.

1. Constitúe o feito imponible das contribucións especiais a obtención polo suxeito pasivo dun beneficio ou dun aumento de valor dos seus bens como consecuencia do establecemento ou ampliación de servizos públicos, de carácter local, por este Consorcio.
2. Terán a consideración de servizos locais:
 - a) Os que realice o estableza o Consorcio dentro do ámbito das súas competencias para cumprir os fins que lle estean atribuídos, excepción feita das obras que realizadas polo mesmo a título de propietario dos seus bens patrimoniais.
 - b) Os que realice ou estableza o Consorcio por serlle atribuídos ou delegados por outras Entidades Públicas e aqueles que a súa titularidade, conforme á Lei, houbese asumido.
 - c) Os que se realicen ou establezan por outras Entidades Públicas ou polos concesionarios destas, con achegas económicas deste Consorcio.
3. Non perderán a consideración de servizos locais os comprendidos na letra a) do apartado anterior, aínda que sexan realizados por Organismos Autónomos ou Sociedades Mercantís que o seu capital social pertenza integramente a este Consorcio, por concesionarios con achegas deste Consorcio ou por asociacións de contribuíntes.
4. As cantidades recadadas por contribucións especiais só poderán destinarse a sufragar-los gastos do establecemento ou ampliación do servizo pola razón pola cal se houbesen esixido.



Artigo 3. Suxeito Pasivo.

1. Son suxeitos pasivos das contribucións especiais as persoas físicas e xurídicas e as Entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeneral Tributaria, especialmente beneficiadas polo establecemento ou ampliación dos servizos locais que orixinen a obrigação de contribuír.
2. Consideraranse persoas especialmente beneficiadas polo establecemento ou ampliación dos servizos de extinción de incendios, ademais dos propietarios dos bens afectados, as compañías de seguros que desenrolen a súa actividade no ramo, no ámbito de actuación legal deste Consorcio Contra Incendios e Salvamento, que non é outro que o do abarcado por este consorcio.

Artigo 4. Base Impoñible

1. A base imponible das contribucións especiais está constituída, como máximo, polo 90 por 100 do custe que o Consorcio soporte polo establecemento ou ampliación dos servizos.
2. O referido custe estará integrado polo importe dos traballos de establecemento ou ampliación dos servizos.
3. O custe total presupostado de establecemento ou ampliación dos servizos terá carácter de mera previsión. Se o custe real fose maior ou menor que o previsto, tomarase aquel a efectos do cálculo das cotas correspondentes.
4. Cando se trate de obras ou servizos a que se refire o artigo 2.2 c) da presente Ordenanza, ou das realizadas polos concesionarios con achegas deste Consorcio a que se refire o apartado 3 do mesmo artigo, a base imponible das contribucións especiais determinarase en función do importe destas achegas, sen prexuízo das que poidan impoñer outras Administracións Públicas por razón da mesma obra ou servizo. En todo caso, respectarase o límite do 90 por 100 ó que se refire o apartado primeiro deste artigo.
5. Ós efectos de determinar a base imponible, entenderase por custe soportado polo Consorcio a contía resultante de restar á cifra do custe total o importe das subvencións ou auxilios que a Entidade Local obteña do Estado ou de calquera outra persoa ou Entidade pública ou privada.
6. Se a subvención ou auxilio citado se outorgasen por un suxeito pasivo das contribucións especiais, o seu importe destinarase primeiramente a compensar a cota da respectiva persoa ou Entidade. Se o valor da subvención ou auxilio excedera de dita cota, o exceso reducirase, a rateo as cotas dos demais suxeitos pasivos.

Artigo 5. Cota Tributaria

1. A base imponible das contribucións especiais repartirse entre os suxeitos pasivos, tendo en conta a clase e natureza das obras e servizos.
Polo establecemento e mellora do servizo de extinción de incendios, poderán ser distribuídas entre as entidades ou sociedades que cubran o risco por bens sitos no ámbito de actuación legal deste Consorcio Contra Incendios e Salvamento, os concellos que forman parte do Consorcio provincial da Coruña, proporcionalmente ó importe das primas recadadas no ano inmediatamente anterior. Se a cota esixible a cada suxeito pasivo fora superior ó 5 por 100 do importe das recadadas polo mesmo, o exceso trasladarase ós exercicios sucesivos ata a súa total amortización
2. No suposto de que as Leis ou Tratados Internacionais concedan beneficios fiscais, as cotas que poidan corresponder ós beneficiarios non serán distribuídas entre os demais contribuintes.
3. Unha vez determinada a cota a satisfacer, o Consorcio poderá conceder, a solicitude do suxeito pasivo, o fraccionamento ou aprazamento daquela por prazo máximo de 5 anos, debendo garantirse o



pago da débeda tributaria, que incluíra o importe do interese de demora das cantidades aprazadas, mediante hipoteca, prenda, aval bancario ou outra garantía suficiente a satisfacción da corporación.

Artigo 6. Devengo.

1. As contribucións especiais devénganse no momento no que as obras ou inversións se executen ou o servizo se prestase. Se as obras ou a inversión foran fraccionables, o devengo producirase para cada un dos suxeitos pasivos desde que se executen as correspondentes a cada tramo ou fracción da obra ou inversión.
2. Sen prexuízo do disposto no apartado anterior, o Consorcio poderá esixir por anticipado o pago das contribucións especiais, en función do importe do custe previsto para o ano seguinte.
3. Cando a persoa que figure como suxeito pasivo e fose notificada diso, transmita os dereitos sobre os bens ou explotacións que motivan a imposición, estará obrigada a dar conta á Administración do Consorcio da transmisión efectuada, dentro do prazo dun mes desde a data desta, e, se non o fixera, dita Administración poderá dirixir a acción para o cobro contra quen figuraba como suxeito pasivo.

Artigo 7. Beneficios Fiscais.

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos en normas con rango de Lei, ou deriven de Tratados ou Acordos Internacionais.

Artigo 8. Liquidación.

Unha vez aprobado definitivamente o Presuposto Ordinario do exercicio en vigor, polos servizos administrativos da Entidade xirarase liquidación a través de **UNESPA (Xestora de Concertos para a Contribución ós Servizos de extinción de incendios A.I.E.)**, sen prexuízo do disposto no artigo 6 da presente Ordenanza.

Artigo 9. Infraccións e Sancións.

1. En todo o relativo a infraccións tributarias e a súa cualificación, así como as sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, aplicaranse as normas contidas na Lei Xeneral Tributaria.
2. A imposición de sancións non suspenderá, en ningún caso, a liquidación e cobro das cotas devengadas non prescritas.

Disposición Final.

A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

A ordenanza fiscal que precede, aprobouna o Pleno do Consorcio en sesión celebrada o día 24 de marzo de 2004, e publicouse, xunto co dito acordo no "Boletín Oficial" desta provincia número 177 do 02 de agosto de 2004.
